

# **DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR I**

***PROGRAMACIÓN DE AULA***

***ÁMBITO LINGÜÍSTICO-SOCIAL***

**CURSO 2013/2014**

## ÍNDICE:

1. Introducción .....	páx.3
2. Competencias básicas da materia.....	páx. 4
3. Obxectivos xerais.....	páx. 9
4. Desenvolvemento dos contidos (unidades didácticas).e contidos mínimos	páx. 12 – 30
5. Temporización.....	páx. 30
6. Avaliación .....	páx 30
7. Metodoloxía .....	páx. 31
8. Materiais e recursos .....	páx. 32
9. Temas transversais .....	páx. 33
10. Atención á diversidade .....	páx. 33

# 1.-INTRODUCCIÓN

A presente programación está dirixida a alumnos/as que por diversos motivos presentan problemas de aprendizaxe e están expostos ao fracaso dentro da aula ordinaria. O obxectivo fundamental ha de ser dar resposta ás súas necesidades educativas, cun seguimento e atención individualizada e garantir que poidan alcanzar os obxectivos finais de etapa, do mesmo xeito que o resto dos seus compañeiros.

Debe entenderse esta programación como unha primeira declaración de intencións, o suficientemente aberta e flexible como para poder ser adaptada ás circunstancias concretas e aos recursos cos que contemos.

Entendemos que a falta de dominio lingüístico e de acceso ao coñecemento doutras materias, a falta de hábitos e técnicas de estudo, a desmotivación, a escasa autonomía e autoestima persoal, son o punto de partida do que hai que arrincar e as intencións haberán de ir encamiñadas a emendar os posibles desaxustes.

Non hai que esquecer que a Lingua está presente en todo o proceso de ensino-aprendizaxe das distintas materias.

A primeira intención será desenvolver a capacidade de uso da lingua como instrumento de comunicación na súa vertente comprensiva e expresiva, adquirir destrezas na comprensión e produción de textos. A linguaxe ha de quedar vencellada ao pensamento e ao coñecemento como instrumento que permita ao alumnado aprender a analizar problemas, organizar información, elaborar proxectos e tomar decisións.

Para rematar, o rigor crítico, a tolerancia, o respecto pola diversidade social, lingüística e cultural, a conservación do patrimonio común son actitudes que deben ser fomentados para dotar aos alumnos/as dun esquema de valores que posibiliten o seu desenvolvemento integral como persoas e a súa integración social e cultural como cidadáns responsables e de pleno dereito. Así, a nosa primeira intención e o obxectivo último será formar persoas e cidadáns.

## 2.- COMPETENCIAS BÁSICAS DA MATERIA

Contribución da materia de Lingua e Literatura (Galega e Castelá) e das Ciencias Sociais e Xeografía e Historia á adquisición das competencias básicas.

### a) Competencia en comunicación lingüística

#### *Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

O currículo desta materia, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en *comunicación lingüística*. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, transfírense e aplícanse para a aprendizaxe doutras linguas. Esta aprendizaxe contribúe á súa vez a facer medrar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

#### *Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

O peso que ten a información nesta materia singulariza as relacións existentes entre o tratamento da información e a competencia en comunicación lingüística, máis alá do uso da linguaxe como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, facilítase lograr habilidades para utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, da descrición, da narración e da argumentación, e colabórase na adquisición dun vocabulario cuxo carácter básica habería de vir dado por aquelas palabras que, correspondendo ao vocabulario específico deberan formar parte da linguaxe habitual do alumno ou daquelas outras que teñen un claro valor funcional na aprendizaxe da propia materia.

### b) Tratamento da información e competencia dixital

#### *Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

A materia contribúe ao *tratamento da información e competencia dixital* ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A procura e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou o uso da internet, a realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A isto contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso da escrita (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír o desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escrita e dos coñecementos.

A contribución á competencia no tratamento da información e competencia dixital vén dada pola importancia que ten na comprensión dos fenómenos sociais e históricos contar con destrezas relativas á obtención e comprensión da información, elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da materia. Contribúese, de maneira particular, na procura, obtención e tratamento da información procedente da observación directa e indirecta da realidade, así como de fontes escritas, gráficas, audiovisuais, tanto se utilizan como soporte o papel como se foron obtidas mediante as tecnoloxías da información e a comunicación. O establecemento de criterios de selección da información proporcionada por diversas fontes segundo criterios de obxectividade e pertinencia, a distinción entre os aspectos relevantes e os que non o son, a relación e comparación de fontes ou a integración e análise da información de forma crítica son algunhas das aportacións fundamentais que se fan á adquisición desta competencia.

Por outra parte, a linguaxe non verbal que se emprega en numerosas ocasións na comprensión da realidade contribúe ao coñecemento e interpretación de linguaxes icónicas, simbólicas e de representación. É o caso, en especial, da linguaxe cartográfica e da imaxe.

A procura e selección de fontes informativas, documentais e gráficas, requirirá o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización da internet. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenrolo da competencia dixital.

### **c) Competencia social e cidadá**

#### *Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

A aprendizaxe da lingua concibida como desenrolo da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenrolo da *competencia social e cidadá*, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

Por outra banda, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde a materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

#### *Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

A competencia social e cidadá está estreitamente vinculada ao propio obxecto de estudo. Pode dicirse que todo o currículo contribúe á adquisición desta competencia, xa que a comprensión da realidade social, actual e histórica, é o propio obxecto de aprendizaxe, pero farao realmente se se ten a perspectiva de que o coñecemento sobre a evolución e organización das sociedades, dos seus logros e dos seus problemas, debe

poder utilizarse polo alumnado para desenvolverse socialmente. Contribúe obviamente a entender os rasgos das sociedades actuais, a súa pluralidade, os elementos e intereses comúns da sociedade na que se vive, contribuíndo a crear sentimentos comúns que favorecen a convivencia.

Tamén axuda á adquisición de habilidades sociais. Por unha banda, a comprensión das accións humanas do pasado e do presente, esixe que estas sexan vistas polo alumnado desde a perspectiva dos propios axentes do seu tempo co que se favorece o desenrolo da capacidade de poñerse no lugar do outro, é dicir, a empatía. Por outra banda, faino cando dita comprensión posibilita a valoración e o exercicio do diálogo como vía necesaria para a solución de problemas, ou respecto cara ás persoas con opinións que non coinciden coas propias, pero ademais prevé o exercicio deses valores ao propoñer un traballo colaborativo ou a realización de debates nos que se poidan expresar as propias ideas e escoitar e respectar as dos demais. O achegamento a diferentes realidades sociais, actuais ou históricas, ao a valoración das aportacións de diferentes culturas axuda, aínda que sexa máis indirectamente, ao desenrolo das habilidades de tipo social.

A ensinanza nesta materia trata de que os alumnos e alumnas adquiran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comprender a realidade do mundo no que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, así como o espazo no que se desenrola a vida en sociedade.

Proporciona ideas fundamentais sobre a dimensión espacial das sociedades e a configuración territorial, entendida esta en ámbitos que van desde o local ao mundial, á vez que achega o alumnado aos principios de interacción das sociedades e o seu entorno físico, e posibilita que poida valorarse a actuación dos homes no espazo e as potencialidades e construcións do medio. Favorece tamén que o alumnado poida adquirir un maior grao de conciencia sobre a organización espacial das sociedades, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos.

#### **d) Competencia cultural e artística**

##### *Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenrolo dunha *competencia artística e cultural*, entendida como achegamento a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresións de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura e o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías catálogos ou a presenza do literario na prensa), adquira sentido para o alumnado.

##### *Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

A contribución á competencia relaciónase principalmente coa súa vertente de coñecer e valorar as manifestacións do feito artístico. Dita contribución facilitarase realmente se se contempla unha selección de obras de arte relevantes, ben sexa polo seu significado na caracterización de estilos ou artistas ou por formar parte do patrimonio cultural, e dótase ao alumnado de destrezas de observación e de comprensión daqueles elementos técnicos imprescindibles para a súa análise.

Así favorécese a apreciación das obras de arte, adquirense habilidades perceptivas e de sensibilización, desenrólase a capacidade de emocionarse con elas, ademais de que se axuda tamén a valorar o patrimonio cultural, a respectalo e a interesarse pola súa conservación.

#### **e) Comprensión matemática**

*Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

O coñecemento dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade permite colaborar na súa adquisición na medida na que a materia incorpora operacións sinxelas, porcentaxes e proporcións, nocións de estatística básica, uso de escalas numéricas e gráficas, sistemas de referencia ou recoñecemento de formas xeométricas, así como criterios de medición, codificación numérica de informacións e a súa representación gráfica. A utilización de todas estas ferramentas na descrición e análise da realidade social amplían o conxunto de situacións nas que os alumnos perciben a súa aplicabilidade e, con iso, fan máis funcionais as aprendizaxes asociadas á competencia matemática.

#### **f) Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico**

*Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

Esta competencia inclúe a percepción e coñecemento do espazo físico no que se desenvolve a actividade humana, tanto en grandes ámbitos como no entorno inmediato, así como a interacción que se produce entre ambos. A percepción directa ou indirecta do espazo no que se desenvolve a actividade humana constitúe un dos principais eixos de traballo da xeografía: a comprensión do espazo no que teñen lugar os feitos sociais e a propia vida do alumno, é dicir, a dimensión espacial. Contribúese á competencia na medida en que se asegure que dita dimensión impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo especial importancia os procedementos de orientación, localización, observación e interpretación dos espazos e paisaxes, reais ou representados.

Outra aportación posibilitase desde o coñecemento da interacción home-medio e a organización do territorio resultante. A materia proporciona abundantes ocasións para analizar a acción do home na utilización do espazo e dos seus recursos, non só os problemas que ás veces xera, senón tamén aquelas accións que desde un uso responsable de ambos, procuran asegurar a protección e o coidado do medio ambiente.

#### **g) Competencia para aprender a aprender**

*Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

Apréndese a falar e escoitar e a ler e escribir, para a interacción comunicativa, pero tamén para adquirir novos coñecementos. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coa competencia básica de *aprender a aprender*. Así mesmo, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes

conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedementais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos,...) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

#### *Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

Contribúese á competencia desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, procurar explicacións multicausais e predición de efectos dos fenómenos sociais e proporciona coñecementos das fontes de información e da súa utilización mediante a recollida e clasificación da información obtida por diversos medios e sempre que se realice unha análise desta. Tamén contribúe cando favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e recuperar información, tales como resumos, esquemas ou mapas.

#### **h) Autonomía e iniciativa persoal**

##### *Lingua e Literatura (Galega e Castelá)*

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía.

#### *Ciencias Sociais e Xeografía e Historia*

Para que esta materia contribúa á autonomía e iniciativa persoal é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o feito, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións.

A comprensión dos feitos e fenómenos sociais no contexto no que se producen e a análise dos procesos de cambio histórico na sociedade, adquiren sentido na valoración, comprensión e enxuízamento dos rasgos e problemas centrais da sociedade no momento actual. Desde esta perspectiva, estímase a conveniencia de proporcionar ao alumnado un coñecemento global necesario para a interpretación da realidade actual como construción humana no curso do tempo e un marco xeral para a comprensión do tempo histórico-



### **3.- OBXECTIVOS**

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ÁREAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA.**

O ensino das Linguas e da Literatura nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e do galego, valorando esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA**

O ensino das Ciencias sociais, Xeografía e Historia nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades::

1. Identificar os procesos e mecanismos que rexen os feitos sociais e as interrelacións entre feitos políticos, económicos e culturais e utilizar este coñecemento para comprender a pluralidade de causas que explican a evolución das sociedades actuais, o papel que homes e mulleres desempeñan nelas e os seus problemas máis relevantes.
2. Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, os elementos básicos que caracterizan o medio físico, as interaccións que se dan entre eles y as que os grupos humanos establecen na utilización do espazo y dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, cultural, político e medioambiental.
3. Comprender o territorio como o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven.
4. Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas xeoeconómicas, así coma os rasgos físicos e humanos de Europa e España.
5. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos relevantes da historia do mundo, de Europa e de España para adquirir unha perspectiva global da evolución da Humanidade e elaborar unha interpretación da mesma que facilite a comprensión da pluralidade de comunidades sociais ás que se pertence.
6. Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara a outras culturas e cara opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo sobre elas.
7. Comprender os elementos técnicos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas na súa realidade social e cultural para valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
8. Adquirir e empregar o vocabulario específico que aportan as ciencias sociais para que a súa incorporación ó vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e mellore a comunicación.
9. Buscar, seleccionar, comprender e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de fontes diversas, incluída a que proporciona o entorno físico e social, os medios de comunicación e as

tecnoloxías da información, tratala de acordo co fin perseguido e comunicala ós demais de xeito organizado e intelixible.

10. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
11. Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores e bases fundamentais, así coma os dereitos e liberdades como un logro irrenunciable e unha condición necesaria para a paz, denunciando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

## **4.- DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS**

### **Unidade 1**

#### **O espazo xeográfico e a organización política do mundo**

##### **OBXECTIVOS**

1. Coñecer e localizar xeograficamente os continentes e os océanos.
2. Estudar a xeografía física de África.
3. Estudar a xeografía física de Europa.
4. Estudar a xeografía física de Asia.
5. Estudar a xeografía física de América.
6. Estudar a xeografía física de Oceanía.
7. Comprender a importancia do subliñado e do resumo para comprender un texto.
8. Realizar unha lectura comprensiva de textos.
9. Coñecer as regras básicas da acentuación nas dúas linguas de Galicia.

##### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Localizar e fixar os límites de todos os continentes.
2. Identificar e localizar os principais elementos da xeografía física de todos os continentes.
3. Definir os climas e as paisaxes características de cada un dos continentes.
4. Subliñar as ideas máis importantes dun texto e elaborar un esquema (nas dúas linguas).
5. Resumir as ideas máis importantes dun texto (nas dúas linguas).
6. Acentuar correctamente palabras e textos galegos e casteláns.

##### **CONTIDOS**

###### **CONCEPTOS**

1. Os continentes  
O primeiro fogar do ser humano: África.  
Europa.  
Asia.  
América.  
Oceanía.  
Climas e vexetación.
2. Técnicas de traballo: subliñado, esquema e resumo

3. Ortografía: regras xerais da acentuación (galego e castelán). Ditongos, tritongos e hiatos.

#### PROCEDEMENTOS

1. Elaboración e estudo do mapa físico de África.
2. Elaboración e estudo do mapa físico de Europa.
3. Elaboración e estudo do mapa físico de Asia.
4. Elaboración e estudo do mapa físico de América.
5. Elaboración e estudo do mapa físico de Oceanía.
6. Elaboración de esquemas dos climas e paisaxes de todos os continentes.
7. Realización de subliñados, esquemas e resumos de textos en galego e en castelán.
8. Aplicación das principais normas de acentuación en galego e en castelán.

#### ACTITUDES

1. Valoración da utilidade dos mapas no estudo xeográfico dos continentes.
2. Interese por coñecer o continente e o país no que vivimos.
3. Valoración da diversidade xeográfica dos continentes.
4. Comprensión da influencia do medio físico na diversidade humana.
5. Valoración da importancia dunha acentuación correcta.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educación ambiental; educación para a convivencia; educación para a paz; educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 2

### A xeografía física de España

#### **OBXECTIVOS**

1. Coñecer e localizar xeograficamente España.
2. Coñecer a xeografía física de España.
3. Coñecer o concepto de sílaba, ditongo, tritongo e hiato.
4. Coñecer a estrutura das palabras: lexemas e morfemas
5. Coñecer as normas de acentuación dos monosílabos e o uso do til diacrítico (nas dúas linguas)
6. Acentuar correctamente palabras e textos galegos e casteláns.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Situar e fixar os límites de España peninsular e insular.
2. Identificar e localizar os principais elementos da xeografía física de España.
3. Distinguir os lexemas e os morfemas nas palabras
4. Descompoñer palabras en sílabas.
5. Diferenciar ditongos, tritongos e hiatos.
6. Identificar o uso do til diacrítico en galego e en castelán.
7. Acentuar palabras e textos galegos e casteláns correctamente.

#### **CONTIDOS**

##### CONCEPTOS

1. A España física (coñecemento da súa xeografía)
2. A sílaba; ditongos, tritongos e hiatos.
3. As palabras: estrutura morfolóxica.
4. Acentuación de palabras monosilábicas: o til diacrítico.
5. Repaso da acentuación.

##### PROCEDEMENTOS

1. Identificación no mapa dos montes, climas, costas e ríos de España.
2. Descomposición de palabras en lexemas e morfemas.
3. Identificación e pronuncia correcta de ditongos, tritongos e hiatos.
4. Acentuación correcta de textos nos que se suprimiron tiles.
5. Aplicación das regras ortográficas xerais.

##### ACTITUDES

1. Interese por coñecer a xeografía física do país no que vivimos.
2. Interese pola corrección na expresión oral e escrita.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educación ambiental, educación para a convivencia, educación para a paz, educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 3

### Autonomías: unha diversidade que nos enriquece

#### OBXECTIVOS

1. Coñecer as distintas autonomías españolas.
2. Coñecer os datos económicos, paisaxísticos e culturais das diversas autonomías.
3. Coñecer o uso da información e a comunicación en Internet.
4. Distinguir as palabras simples das derivadas e compostas.
5. Recoñecer os fenómenos de sinonimia, antonimia, homonimia, polisemia, senso figurado e tabú.
6. Coñecer as regras ortográficas das letras *b*, *v*.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar as distintas autonomías españolas.
2. Identificar os principais datos da economía, a paisaxe e a cultura das diversas autonomías.
3. Diferenciar palabras simples, derivadas e compostas.
4. Aplicar correctamente as regras ortográficas das letras *b*, *v*.

#### CONTIDOS

##### CONCEPTOS

1. Autonomías e diversidade.
2. Datos económicos, paisaxísticos e culturais das diversas autonomías.
3. A información e a comunicación en Internet.
4. As palabras: derivación e composición.
5. Relacións semánticas das palabras.
6. Ortografía: as letras *b* / *v*.

##### PROCEDEMENTOS

1. Recoñecemento nos mapas das distintas autonomías españolas.
2. Identificación dos datos económicos, paisaxísticos e culturais das diversas autonomías.
3. Recoñecemento de palabras simples, derivadas e compostas.
4. Identificación de palabras sinónimas, antónimas, homónimas e polisémicas.
5. Aplicación das regras ortográficas das letras *b/v*.

##### ACTITUDES

1. Valoración da pluralidade lingüística, social e cultural de España.
2. Interese por coñecer a riqueza semántica das palabras.
3. Interese por coñecer os mecanismos e recursos da lingua.
4. Interese polo dominio da corrección idiomática.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** Educación multicultural, educación para a convivencia, educación para a paz, educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 4

# A época feudal: os castelos

### OBXECTIVOS

1. Analizar as causas da aparición do feudalismo.
2. Coñecer a estrutura da sociedade feudal e a relación entre os distintos grupos estamentais.
3. Comprender o concepto de Reconquista e coñecer as súas etapas.
4. Comprobar a formación e expansión dos reinos cristiáns medievais da península Ibérica.
5. Entender a literatura como un expoñente da realidade histórica e social de cada época.
6. Coñecer as circunstancias históricas, sociais, culturais e lingüísticas nas que naceu a literatura.
7. Comparar as características das distintas manifestacións líricas medievais da Península.
8. Coñecer o contexto no que xurdiu o teatro medieval.
9. Analizar as semellanzas e as diferenzas entre o mester de xograría e o mester de clerecía.
10. Relacionar as características e intencionalidade do xénero épico coa sociedade medieval.
11. Diferenciar os conceptos de sintagma, grupo sintagmático e oración gramatical.
12. Coñecer a clasificación das oracións segundo a intención comunicativa e a relación sintáctica.
13. Distinguir o concepto de coordinación e subordinación.
14. Coñecer as regras ortográficas das letras *j* e *g*.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir o sistema feudal e a súa estrutura social.
2. Identificar os reinos cristiáns peninsulares na Idade Media e describir a súa expansión.
3. Identificar e comparar distintos fragmentos da lírica medieval peninsular.
4. Explicar a relación entre as características do xénero épico e o seu contexto histórico.
5. Comparar as características do mester de xograría e do mester de clerecía.
6. Identificar e construír distintas oracións segundo a intención do falante.
7. Identificar grupos sintagmáticos e os seus compoñentes.
8. Distinguir oracións simples, compostas e complexas.
9. Recoñecer nun texto relacións de coordinación e de subordinación.
10. Aplicar correctamente as regras das letras *j* e *g*.



## CONTIDOS

### CONCEPTOS

#### **1. O sistema feudal.**

¿Que é e como xorde o feudalismo?

Unha sociedade dividida en estamentos.

A vida dos servos dentro dun feudo.

A época feudal na Península: a Reconquista.

#### **2. A literatura na España dos castelos.**

2.1.A Idade Media literaria.

2.2.A lírica primitiva.

2.3.O teatro primitivo.

2.4.Mester de xograría e mester de clerecía.

#### **3. Literatura galega.**

2.1.A lírica medieval: as cantigas.

**Lingua:** a oración gramatical.

**Ortografía:** as letras *j* e *g*.

### PROCEDEMENTOS

1. Busca de referencias e noticias sobre o período estudado.
2. Lectura e comentario de textos históricos relacionados coa sociedade feudal.
3. Elaboración de cadros e mapas co avance e evolución dos reinos cristiáns da Península.
4. Lectura e comentario de textos literarios característicos dos distintos xéneros.
5. Clasificación de oracións segundo a intención comunicativa.
6. Identificación de oracións simples, compostas e complexas.
7. Diferenciación entre a relación de coordinación e de subordinación
8. Aplicación das regras ortográficas das letras *j* e *g*.

### ACTITUDES

1. Interese por coñecer o pasado histórico para comprender o presente.
2. Interese polo coñecemento da sociedade e as formas de vida da Idade Media.
3. Fomento da convivencia pacífica dos pobos.
4. Defensa da igualdade de dereitos e de oportunidades.
5. Interese polas primeiras manifestacións literarias da Península e a aportación das distintas culturas.
6. Interese pola lectura de obras literarias.
7. Valoración do uso correcto da expresión oral e escrita.
8. Interese polo coñecemento das regras ortográficas.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educación multicultural, educación para a convivencia, educación para a paz, educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 5

# Os mosteiros medievais

### OBXECTIVOS

1. Estudar a importancia política, económica e cultural da Igrexa na Idade Media.
2. Comprender a influencia da relixión cristiá na sociedade, política e arte medievais.
3. Coñecer a importancia dos mosteiros medievais como centros de cultura.
4. Coñecer o nacemento das primeiras universidades e as súas consecuencias.
5. Entender a arte como a expresión da realidade social e cultural de cada época.
6. Estudar as características da arte románica e as súas manifestacións na Península.
7. Coñecer as características do mester de clerecía.
8. Comprender a función e o significado do verbo.
9. Coñecer o concepto de número, persoa, tempo e modo verbais.
10. Estudar as formas verbais non persoais e os tempos do modo Indicativo.
11. Coñecer as regras ortográficas da letra *h* e revisar o uso das letras *b*, *v*, *j* e *g*.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar a influencia da Igrexa na Idade Media.
2. Expoñer a importancia dos mosteiros medievais e o labor dos monxes copistas.
3. Recoñecer os elementos característicos da arquitectura románica.
4. Identificar e comentar os temas e as características da escultura e pintura románicas.
5. Comentar os temas e as características estilísticas e métricas dalgún texto dos autores citados.
6. Identificar nun texto as formas verbais persoais e non persoais.
7. Analizar tempos do modo Indicativo.
8. Conxugar tempos en indicativo de verbos regulares e irregulares.
9. Aplicar correctamente as regras ortográficas de *h*, *b*, *v*, *j*, *g*.

## CONTIDOS

### CONCEPTOS

- 1. Os mosteiros: centros de cultura.**
  - A Igrexa na Idade Media.
  - Monxes e copistas medievais.
  - O nacemento da universidade.
- 2. A arte románica.**
  - A difusión do románico.
  - Características formais do románico.
- 3. A literatura na España dos mosteiros.**
  - A poesía culta medieval.
- 4. Literatura Galega:** a poesía relixiosa medieval.

**Lingua:** O verbo (I).

**Ortografía:** a letra *h*. *Repaso das letras b,v,j,g*

### PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos relacionados cos temas tratados.
2. Busca de datos e referencias sobre algún dos temas.
3. Identificación en imaxes das características da arte románica.
4. Lectura de textos literarios de Berceo e do Arcipreste de Hita.
5. Recoñecemento nun texto de formas verbais non persoais.
6. Identificación e análise de tempos do modo indicativo.
7. Distinción de verbos regulares e irregulares.
8. Aplicación das regras ortográficas das letras *h, b, v, j, g*.

### ACTITUDES.

1. Valoración da aportación da Igrexa á sociedade e a cultura da Idade Media.
2. Valoración da arte como expresión da realidade histórica e social.
3. Interese polo coñecemento da poesía culta medieval.
4. Aprecio pola lectura de obras literarias.
5. Conservación do patrimonio cultural e artístico.
6. Interese polo uso correcto da linguaxe oral e escrita.
7. Valoración da importancia da corrección ortográfica.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educación para a convivencia, educación para a paz, defensa da igualdade de oportunidades, educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 6

# As cidades medievais

### OBXECTIVOS

1. Coñecer as causas e as consecuencias do xurdimento das cidades medievais.
2. Analizar o nacemento da burguesía urbana.
3. Estudar as características das relacións comerciais e a organización da actividade artesanal.
4. Coñecer as principais rutas comerciais da Idade Media e principais produtos do mercado.
5. Recoñecer a vixencia das novas institucións políticas, sociais e culturais da Idade Media.
6. Comprender a arte gótica como símbolo da riqueza das cidades e do cambio de mentalidade.
7. Coñecer o nacemento da prosa castelá e a importancia de Afonso X o Sabio neste proceso.
8. Coñecer as mostras de prosa na literatura galega.
9. Estudar o uso e o significado dos tempos verbais do modo subxuntivo.
10. Coñecer a estrutura e o valor das perífrases verbais.
11. Coñecer as regras ortográficas das letras *c* e *z*; e das alternancias *c/cc* e *c/z/d*.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar o proceso do rexurdimento das cidades medievais e a súa repercusión na sociedade.
2. Describir e identificar nun mapa as principais rutas comerciais na Idade Media.
3. Explicar o traballo e a organización dos artesáns.
4. Explicar a forma de goberno das cidades.
5. Identificar en imaxes os principais elementos da arquitectura gótica comparándoa coa románica.
6. Citar as principais obras de Afonso X o Sabio.
7. Recoñecer nun texto tempos verbais en subxuntivo e analizalos.
8. Conxugar tempos do modo subxuntivo.
9. Identificar perífrases verbais e indicar o seu valor.
10. Aplicar correctamente as regras ortográficas das letras *c* e *z*; e das alternancias *c/cc* e *c/z/d*.

## CONCEPTOS CONTIDOS

### **1. As cidades como centros de produción.**

A auxe económica do século XI.  
O rexurdimento das cidades.

### **2. A arte gótica.**

2.1. Arte urbana e burguesa. As catedrais góticas.

### **3. A literatura na España da burguesía.**

3.1. Nacemento da prosa.

3.2. A prosa no século XIV.

### **4. Literatura galega**

4.1. A prosa medieval.

**Lingua:** o verbo (II)

**Ortografía:** as letras *c* e *z*. As alternancias *c/cc* e *c/z/d*.

## PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos históricos relacionados cos temas tratados.
2. Análise de planos de cidades onde se poida comparar o trazado medieval e o moderno.
3. Estudo e comentario de mapas das principais rutas do comercio medieval.
4. Identificación en imáxenes dos principais elementos da arquitectura gótica.
5. Estudo comparativo da arquitectura románica e a arquitectura gótica.
6. Lectura e comentario de fragmentos representativos das obras de Afonso X o Sabio.
7. Lectura dalgún conto de *El Conde Lucanor*. Creación dalgún relato inspirado neles.
8. Lectura e comentario dalgún fragmento representativo da prosa medieval galega.
9. Identificación e análise de tempos verbais en subxuntivo.
10. Conxugación de tempos verbais en subxuntivo.
11. Recoñecemento das formas e valores das perífrases verbais.
12. Aplicación das regras ortográficas das letras *c* e *z*; e das alternancias *c/cc* e *c/z/d*.

## ACTITUDES

1. Interese por coñecer a orixe das cidades modernas.
2. Valoración da importancia dos cambios económicos e sociais a partir do século XI en Europa.
3. Interese pola orixe dos parlamentos, os municipios e as universidades.
4. Valoración da arte gótica como expresión da nova mentalidade.
5. Valoración do labor cultural realizado por Afonso X o Sabio.
6. Reflexión sobre o carácter didáctico da obra de don Juan Manuel.
7. Conservación do patrimonio cultural e artístico.
8. Interese por coñecer as mostras da prosa medieval galega.
9. Aprecio polo uso correcto da lingua oral e escrita.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educ. para a convivencia, educ. cívica, educación para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 7

# Do mundo medieval ó renacentista

### OBXECTIVOS

1. Coñecer os cambios sociais, económicos e culturais do século XV en Europa.
2. Analizar o debilitamento do feudalismo e o fortalecemento do poder real.
3. Estudar o concepto de monarquía autoritaria e coñecer os grandes estados da Europa Moderna.
4. Coñecer as bases da política dos Reis Católicos e os principais obxectivos.
5. Estudar as causas e as consecuencias dos descubrimentos xeográficos.
6. Comprender a importancia dos descubrimentos na configuración do mundo na Idade Moderna.
7. Coñecer as viaxes realizadas polos portugueses e os casteláns e recoñecer a trascendencia do descubrimento de América.
8. Comprobar a través da literatura prerrenacentista a crise da concepción medieval do mundo.
10. Estudar a clasificación dos romances e a súa relación cos cantares de xesta medievais.
11. 12. Estudar as causas que motivaron a decadencia da literatura galega.
13. Coñecer o concepto de substantivo e os seus morfemas de xénero e número.
14. Diferenciar as clases de substantivos.
15. Estudar as funcións sintácticas do substantivo.
16. Coñecer as regras ortográficas das letras *r*, *s*, *x*.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Ennumerar os cambios que se produciron en Europa a finais da Idade Media.
2. Explicar o concepto e as bases da monarquía autoritaria.
3. Describir os obxectivos e os logros da política dos Reis Católicos.
4. Explicar as causas que favoreceron os descubrimentos xeográficos.
5. Describir e identificar nun mapa as rutas e áreas de expansión dos portugueses e dos casteláns.
7. Analizar as características dalgún romance: tipo de romance, tema, métrica.
9. Explicar as causas do decaemento do galego escrito.
10. Identificar e clasificar os substantivos dun texto.
11. Recoñecer a función sintáctica dos substantivos en distintas oracións.
12. Aplicar as regras ortográficas das letras *r*, *s*, *x*.

## **CONTIDOS**

### CONCEPTOS

#### **1. O tránsito cara ó Renacemento: o século XV.**

- 1.1. As monarquías autoritarias.
- 1.2. Os Reis Católicos.
- 1.3. Os descubrimentos xeográficos.
- 1.4. América: a conquista do novo continente.

#### **2. A literatura prerrenacentista en España.**

- 2.1. A poesía culta.
- 2.2. A poesía popular: *El Romancero*.

#### **4. Literatura galega.**

- 4.1. A decadencia da literatura galega: os séculos escuros

**Lingua:** o substantivo.

**Ortografía:** as letras *r, s, x*.

### PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos históricos.
2. Busca de datos e referencias sobre algún dos temas tratados.
3. Elaboración de esquemas e resumos dos conceptos básicos.
4. Elaboración de mapas do proceso de unificación peninsular dos Reis Católicos.
5. Elaboración de mapas das diferentes rutas e descubrimentos dos portugueses e dos casteláns.
6. Lectura e comentario temático dalgúns fragmentos das *Coplas* de Jorge Manrique.
7. Lectura e análise de diferentes tipos de romances.
8. Lectura de fragmentos representativos de *La Celestina*.
9. Análise das causas que motivaron a decadencia da escrita galega. As escolas.
10. Identificación e clasificación de diferentes substantivos.
11. Análise das distintas funcións sintácticas do substantivo na oración.
12. Aplicación das regras ortográficas de *r, m, n, s, x*.

### ACTITUDES

1. Interese polos factores históricos e culturais que determinan a concepción do mundo en cada época.
2. Respecto cara ás culturas, crenzas e formas de vida diferentes ás propias.
3. Valoración dos intercambios culturais entre distintos pobos.
4. Actitude crítica ante situacións de dominación e de intolerancia.
5. Valoración da literatura do século XV, pertencente á unha sociedade en cambio
6. Aprecio pola lectura de obras literarias.
7. Valoración das dúas escolas que aínda escribían en galego durante o século XV.
8. Interese pola ampliación e enriquecemento do vocabulario.
9. Interese polo coñecemento da ortografía.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** educ. multicultural, educ. para a paz, educ. para a defensa dos dereitos, educ. cívica, educ. para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 8

# Renacemento e Reforma

### OBXECTIVOS

1. Coñecer a estrutura de Europa a comezos da Idade Moderna.
2. Analizar as características do Humanismo e comprender a repercusión das súas ideas.
3. Comparar a concepción do mundo da Idade Media e da Idade Moderna.
4. Coñecer as causas e as consecuencias da Reforma protestante en Europa.
5. Comprobar a extensión xeográfica do Imperio de Carlos V e os principais conflitos do seu reinado.
6. Comprender a importancia do pensamento humanista como impulsor da ciencia moderna.
7. Coñecer as características e os representantes do Renacemento italiano.
8. Estudar a poesía de Garcilaso de la Vega como modelo renacentista.
9. Comprender os Libros de Cabalerías como resposta ós novos gustos da nobreza.
10. Coñecer as características da novela picaresca e valorar o *Lazarillo de Tormes* como representante da sociedade española do século XVI.
11. Coñecer as mostras da literatura oral e escrita do Rexurdimento
12. Coñecer os conceptos de adxectivo e adverbio e diferenciar as súas clases.
13. Estudar as funcións sintácticas do adxectivo e do adverbio na oración.
14. Coñecer as regras ortográficas das letras *ll* e *y*.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar as ideas do Humanismo e as consecuencias do seu influxo.
2. Citar as causas da Reforma protestante e os principios das diferentes doutrinas.
3. Describir os territorios que abarcaba o Imperio de Carlos V e comentar os problemas do seu reinado.
4. Citar os principais avances da ciencia nesta época.
5. Definir as características da arte renacentista e citar os representantes italianos.
6. Identificar en obras pictóricas e escultóricas os rasgos do formais e ideolóxicos do Renacemento.
7. Recoñecer en fragmentos a innovación que aporta á poesía a obra de Garcilaso.
8. Analizar algún fragmento do *Lazarillo de Tormes*.
9. Analizar textos pertencentes a Rosalía de Castro
10. Identificar os adxectivos e os adverbios dun texto.
11. Recoñecer as funcións sintácticas dos adxectivos e adverbios en distintas oracións.
12. Aplicar as regras ortográficas das letras *ll* e *y*.



## CONTIDOS

### CONCEPTOS

1. **A época das Reformas. Carlos V.**
    - 1.1 A influencia italiana: Humanismo e Renacemento.
    - 1.2. A crise relixiosa: a Reforma.
    - 1.3. O desenvolvemento da ciencia.
    - 1.4. A hexemonía de España: Carlos V.
  2. **A arte renacentista.**
    - 2.1. Características xerais.
    - 2.2. A arquitectura.
    - 2.3. A pintura e a escultura.
    - 2.4. Etapas e autores do Renacemento italiano.
    - 2.5. A arte renacentista fóra de Italia.
  3. **A literatura española durante a Reforma.**
    - 3.1. Os Séculos de Ouro e a mentalidade renacentista na literatura.
    - 3.2. A poesía lírica renacentista.
    - 3.3. Os libros de cabalerías.
    - 3.4. A novela picaresca.
  4. **Literatura galega.**
    - 4.1. O Rexurdimento.- Rosalía de Castro
- Lingua:** adxectivos e adverbios.  
**Ortografía:** as letras *ll* e *y*.

### PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos históricos e literarios.
2. Elaboración de mapas do Imperio de Carlos V e as principais zonas de conflito.
3. Identificación do pensamento humanista e renacentista nas distintas artes.
4. Lectura de fragmentos de Garcilaso e análise de elementos renacentistas da súa poesía.
5. Recoñecemento da influencia da cultura clásica na arte e na literatura renacentistas.
6. Lectura e comentario de fragmentos do *Lazarillo de Tormes* valorando a súa aportación e a súa orixinalidade.
7. Lectura e comentario de fragmentos da poesía dos Séculos Escuros.
8. Identificación de adxectivos e adverbios en textos seleccionados.
9. Análise das funcións sintácticas dos adxectivos e adverbios na oración.
10. Aplicación das regras ortográficas das letras *ll* e *y*.
11. Elaboración de traballos sinxelos de selección e organización da información coa axuda das TIC

### ACTITUDES

1. valoración da influencia humanista na nova concepción do mundo e nos avances da ciencia.
2. Interese por coñecer os períodos do esplendor histórico e cultural do noso pasado.
3. Recoñecemento do intento de Carlos V de unificar Europa como precedente do actual proceso de unidade.
4. Valoración da arte e a literatura do Renacemento.
5. Valoración do traballo dos autores galegos correspondentes a este tema
6. Interese polo enriquecemento do léxico e o dominio da linguaxe.
7. Interese polo dominio da ortografía.

**TEMAS TRANVERSAIS:** educ. para a paz, educ. para a tolerancia relixiosa, educ. multicultural, educ. para o diálogo e a comunicación.

## Unidade 9

# Renacemento e Contrarreforma

### OBXECTIVOS

1. Coñecer a resposta da Igrexa ante a Reforma protestante.
2. Analizar o papel desempeñado por Felipe II na Contrarreforma católica.
3. Estudar os obxectivos da política de Felipe II e analizar os principais conflitos do seu reinado.
4. Coñecer a estrutura da sociedade española do século XVI e as diferenzas entre os seus distintos estamentos.
5. Analizar a situación económica da Monarquía hispánica durante o século XVI.
6. Recoñecer a influencia do espírito da Contrarreforma na arte e na literatura.
7. Coñecer as principais manifestacións da arte renacentista española.
8. Coñecer as características da literatura ascética e mística.
9. Analizar o significado do *Quijote* de Cervantes e a súa importancia como obra literaria universal.
10. Analizar os Séculos Escuros (II).
11. Estudar a clasificación e as funcións dos determinativos.
12. Coñecer as formas e as funcións sintácticas dos pronomes persoais.
13. Repasar as regras xerais de ortografía.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar o obxectivo e os fundamentos da Contrarreforma católica.
2. Definir os obxectivos da política de Felipe II e comentar os principais conflitos do seu reinado.
3. Describir o mapa das relixións existentes en Europa no século XVI.
4. Enumerar os estamentos da sociedade española do século XVI e explicar as súas diferenzas.
5. Recoñecer, en imaxes, e comentar distintas manifestacións da arte renacentista española.
6. Comentar as características dalgún poema de Frei Luis de León ou de San Juan de la Cruz.
7. Situar na obra algún fragmento do *Quijote* e comentar as características e os recursos utilizados.
8. Analizar textos de autores do Rexurdimento.
9. Recoñecer e clasificar os determinantes dun texto.
10. Identificar e analizar as funcións sintácticas dos pronomes persoais dun texto.
11. Aplicar correctamente as principais regras ortográficas.

## **CONTIDOS**

### **CONCEPTOS**

#### **1. A continuidade do Imperio: Felipe II.**

- 1.1 A Contrarreforma católica: o Concilio de Trento.
- 1.2 Os conflitos bélicos dentro do Imperio.
- 1.3. Situación económica e social.
- 1.4. A morte de Felipe II: o mosteiro de San Lorenzo de El Escorial.

#### **2. A arte renacentista española.**

- 2.1. Arquitectura.
- 2.2. Escultura.
- 2.3. Pintura.

#### **3. A literatura na época da Contrarreforma.**

- 3.1. A poesía lírica da segunda metade do século XVI.
- 3.2. A literatura ascética e mística: Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz.
- 3.3. Miguel de Cervantes.

#### **4. Literatura galega: Curros e Pondal**

#### **5. Lingua: determinantes e pronomes persoais.**

#### **6. Ortografía: repaso final.**

### **PROCEDEMENTOS**

1. Lectura e comentario de textos históricos e litararios.
2. Elaboración de mapas coas áreas de influencia das distintas relixións durante o reinado de Felipe II.
3. Descrición e comentario da sociedade española do século XVI.
4. Recoñecemento, en distintas imaxes, das características e influencias da arte renacentista española.
5. Lectura de poemas de Frei Luis de León e San Juan de la Cruz e identificación dos elementos propios da literatura ascética e mística.
6. Lectura de fragmentos do *Quijote* e análise dos recursos paródicos utilizados por Cervantes.
7. Lectura de textos de Curros e Pondal
8. Recoñecemento e clasificación dos determinantes dun texto.
9. Identificación dos pronomes persoais dun texto e análise das súas funcións sintácticas.
10. Identificación dos usos incorrectos dos pronomes persoais.
11. Aplicación das regras xerais da ortografía.
12. Elaboración de traballos sinxelos de sección e organización da información

### **ACTITUDES**

1. Valoración da importancia do Imperio español na Europa do século XVI:
2. Interese por coñecer a influencia da Contrarreforma na cultura española da segunda metade do século XVI.
3. Actitude crítica con calquera forma de discriminación e desigualdade social.
4. Toma de conciencia ante posturas de intolerancia política e relixiosa.
5. Valoración do patrimonio cultural e artístico.
6. Interese pola lectura de obras literarias clásicas.
7. Interese pola corrección lingüística e ortográfica.

**TEMAS TRANSVERSAIS:** Educación pola paz e a tolerancia, educación para a igualdade de dereitos e oportunidades, educación multicultural, educación para o diálogo e a comunicación

#### **4.1. CONTIDOS MÍNIMOS**

Os contidos mínimos en función das diferentes materias incluídas no Ámbito son os seguintes:

##### Lingua Galega:

Acentuación de palabras agudas, graves e esdrúxulas. • Regras de acentuación de ditongos e hiatos. • Os diacríticos.

Enunciados: oracións e frases. Modalidade do enunciado.

Os sintagmas: recoñecemento. • Clases de sintagmas e estrutura.

O suxeito. Impersonalidade e omisión de suxeito.

O predicado: predicado nominal e verbal.

Os complementos do predicado: OD, OI, SUP, CC, CAX, CPRED

Oración simple e oración composta. Elementos de relación: enlaces. Xustaposición, coordinación e subordinación. Tipos de oracións coordinadas e subordinadas. Análise sintáctica destas oracións.

O substantivo: clases. • O xénero: variación e significado. Formación do xénero. • O número do substantivo. Formación do plural.

O adxectivo cualificativo. Funcións: atributo, complemento e predicativo. • A concordancia do adxectivo. • Adxectivo explicativo e especificativo. • Os graos do adxectivo.

Os determinantes-

Recoñecemento e clasificación de pronomes persoais. Aplicación das concorrencias de pronomes persoais. Colocación correcta dos pronomes na oración.

O verbo: raíz e desinencias. Os tempos verbais, o modo e as formas nominais. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais.

O adverbio. Clases.

Xéneros, intérpretes e cancioneros da literatura medieval. Características da lingua medieval.

A lírica medieval profana e relixiosa. A prosa medieval

Os séculos escuros

O Rexurdimento. Vida e obra de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Lectura de 4 obras escollidas entre un listado ofrecido polo profesor.

O diálogo. Formas de comunicación oral.

A conversa.

A noticia

Textos da vida cotiá: Actas de reunión, solicitudes, instancias.

A crónica.

A reportaxe.

O debate, o discurso e a conferencia

A exposición: estrutura e formas

Variacións da lingua: territorial, sociocultural, situacional.

Bilingüismo e diglosia. Consecuencias: Interferencias lingüísticas.

## Lingua Española

Lectura de 4 obras escollidas dun listado ofrecido polo profesor.

Os medios de comunicación escritos: a prensa e os seus xéneros.

As estruturas narrativas (novela, conto, nova e reportaxe), descritivas (textos científicos e literarios) e dialogadas (teatro, entrevista e enquisa).

Tipoloxías propias da vida cotián e das relacións sociais: regulamentos, actas, convocatorias.

Léxico-Semántica: formación de palabras, campos semánticos, familias léxicas.

O sintagma nominal e o sintagma verbal: compoñentes.

Clasificación da oración simple. Modalidades. Propositions coordinadas e subordinadas e os seus elementos de relación.

Análise e exposición oral e escrita de textos dos medios de comunicación.

Análise de textos literarios: métrica, estrutura, recursos, características,...

A literatura da Idade Media ao Neoclasicismo.

Variedades sociais e estilísticas do castelán (niveis e rexistros da lingua, diferenzas contextuais e formais entre lingua escrita e falada).

Técnicas de traballo: sintetizar, esquematizar, analizar, seleccionar e integrar diferentes fontes, utilizando a biblioteca escolar e as TIC.

Normas ortográficas e de presentación de textos; redacción con coherencia, cohesión e adecuación

## Ciencias Sociais

A linguaxe dos mapas. Mapas físicos e políticos de Europa, América, África, Asia, Oceanía, España e Galicia.

Relevo, vexetación, hidrografía e climas do mundo. Os climogramas.

As paisaxes naturais.

A poboación e as dinámicas demográficas. As pirámides de poboación

A estrutura e o desenvolvemento urbano. Os planos.

As actividades económicas primarias. Enerxía e materias primas.

A industria. Tipos.

O sector servizos. Tipos. A importancia do comercio e o turismo no mundo.

O medio ambiente.

Os contrastes Norte-Sur.

O Estado Autónomo.

A vida na Idade Media: organización política e económica. A sociedade. A cultura e a arte.

A Idade Moderna: organización política e económica. A sociedade. A cultura e a arte.

Os cambios relixiosos.

A Expansión Europea polo Mundo: descubrimentos e conquistas.

Interpretación e Comentario guiado de textos e mapas históricos.

## **5.- TEMPORIZACIÓN**

En cada avaliación ocuparémonos de tres unidades didácticas

### **1ª AVALIACIÓN**

(113 horas)

Unidade 1: *O espazo xeográfico e a organización política do mundo* (38 horas)

Unidade 2: *A xeografía física de España* (38 horas)

Unidade 3: *Autonomías: unha diversidade que nos enriquece* (37 horas)

As horas utilizaránse para traballar na aula ou na biblioteca sobre as unidades e unha hora semanal adicarase á lectura. O alumnado escollerá 3 libros de lectura na avaliación entre os que lle propón o profesor. Sobre eles fará unha exposición oral.

### **2ª AVALIACIÓN**

(83 horas)

Unidade 4: *A época feudal: os castelos* (28 horas)

Unidade 5: *Os mosteiros medievais* (27 horas)

Unidade 6: *As cidades medievais* (28 horas)

As horas utilizaránse para traballar na aula ou na biblioteca sobre as unidades e unha hora semanal adicarase á lectura. O alumnado escollerá 3 libros de lectura na avaliación entre os que lle propón o profesor. Sobre eles fará unha exposición oral.

### **3ª AVALIACIÓN**

(108 horas)

Unidade 7: *Do mundo medieval ó renacentista* (36 horas)

Unidade 8: *Renacemento e Reforma* (36 horas)

Unidade 9: *Renacemento e Contrarreforma* (36 horas)

As horas utilizaránse para traballar na aula ou na biblioteca sobre as unidades e unha hora semanal adicarase á lectura. O alumnado escollerá 2 libros de lectura na avaliación entre os que lle propón o profesor. Sobre eles fará unha exposición oral.

## **6.- AVALIACIÓN**

### **6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

Este punto foi tratado na exposición das unidades didácticas.

## **6.2.- SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:**

As diferentes probas realizadas ao alumnado conformarán, xunto coa valoración da súa actitude, a nota final da avaliación, **18 en total**: probas obxectivas, comentarios de libros, comentarios de textos, mapas e gráficos, exercicios de redacción e comprensión, exposicións orais e debates, dramatizacións, etc. A media aritmética das 18 probas avaliadas constituirá o 80% da nota, porcentaxe que inclúe contidos conceptuais e procedimentais; o 20% restante virá dado pola actitude do alumno: interese pola asignatura, senso crítico, respecto, espírito participativo; esta última parte valorarase a partir da observación do traballo diario na aula e da corrección dos exercicios feitos dentro e fora da mesma. Na calificación da 2ª e 3ª avaliacións terase en conta, ademais, a progresión na adquisición de coñecementos, xa que se trata de manter una avaliación continua, máxime neste tipo de alumnado.

Enténdese que, das 18 probas, 6 avalían contidos correspondentes a Lingua Galega, 6 os de Lingua Española e 6 os contidos correspondentes a Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

**A media global final do ámbito lingüístico social** será unha media aritmética das 3 avaliacións.

Sobre as materias pendentes, pódense revisar as programacións das 3 materias incluídas no Ambito.

## **6.4.- SISTEMA DE RECUPERACIÓN**

O sistema de ensino-aprendizaxe seguirá os principios da avaliación continua, polo que non existirán probas específicas de recuperación, aínda que o alumnado poderá realizar actividades complementarias propostas polo profesor nalgún aspecto específico dos contidos que houbese que revisar ou requirise repaso.

Respecto á recuperación de materias pendentes de cursos anteriores correspondentes a este Ámbito, o alumnado realizará unhas probas que poden coincidir en número e datas concretas de realización coas que realice o resto do alumnado en cada unha das tres materias. As probas deseñaranse en coordinación cos xefes de departamento implicados, aínda que priorizando o proceso educativo e os contidos que se están a desenvolver no Ámbito, e os alumnos terán a posibilidades de ser atendidos nas clases de apoio impartidas pola tarde.

## **7.- METODOLOXÍA**

En cada unidade didáctica foron expostos os principios metodolóxicos (procedementos) de ensino-aprendizaxe do ámbito lingüístico-social. En xeral, podémolos resumir nos seguintes puntos:

- O ensino deste ámbito debe fomentar o interese polas circunstancias que rodean a nosa cultura, tales como as orixes do ser humano, a formación do universo, as orixes da cultura occidental, os factores principais que formaron a historia da

Península, e a de Galicia. Para isto realizaremos eixos cronolóxicos, fomentaremos o uso de Internet para procurar datos de investigación persoal, uso da biblioteca (consulta de fontes históricas...)

- A Xeografía implica a elaboración de mapas, onde deben recoñecer os continentes, países, capitais, ríos, montes... Fomento do uso da biblioteca para consulta de atlas.
- Para os puntos máis teóricos da materia (historia, literatura) será de uso recorrente o taboleiro da aula, para realizar esquemas que axuden a comprender mellor, e dunha maneira máis sintética, os contidos conceptuais.
- O ensino da lingua implica a exercitación da comunicación oral e escrita, para isto será necesario a realización de actividades moi vencelladas ó cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, selección da información
- O ensino da lingua debe fomentar a creatividade, o cultivo da imaxinación. O alumno deberá inventar e escribir pequenas narracións, descricións, diálogos... que fomenten o hábito de escribir producións propias. Moi vencellado a este propósito está o de incentivar a autonomía e a autoestima, singularmente baixas neste tipo de rapaces, e que se consegue precisamente con estas mesmas actividades.
- O ensino da lingua debe fomentar o hábito de lectura (un dos mellores instrumentos da materia). Así é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura, adestrándoo na técnica lectora e transmitíndolle o gusto polo acto de ler. Tanto as obras de lectura propostas como o ensino da literatura deben dirixir os seus esforzos a tal fin.
- O ensino da lingua debe dar as destrezas básicas para o coñecemento da materia como unha disciplina instrumental. Para acadar o dominio da mesma a metodoloxía esixe a realización de exercicios continuados; estes serán corrixidos no taboleiro ou ben de xeito oral. Abarcarán todo tipo de contidos.
- O ensino do ámbito debe adecuarse ó suxeito da aprendizaxe. A metodoloxía debe adecuarse ó desenvolvemento persoal e cognitivo do alumnado. Así, hanse ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa capacidade (non esquezamos que estamos ante un Programa de Diversificación Curricular) e á proximidade e interese temático dos contidos cos que han de exercitar as destrezas comunicativas.

## **8.- MATERIAIS E RECURSOS**

Para o traballo diario do profesor coa clase imos empregar fundamentalmente os seguintes materiais:

- Libro de texto:  
Diversificación Curricular I Ámbito Lingüístico-Social  
Editorial EDITEX



Libro de Lingua e Literatura galega de 3º da Editorial Santillana – proxecto A casa do saber- con contidos adaptados.

Caderniños de Actividades de Lingua Galega e Española

- Outros materiais específicos elaborados polo profesor
- Obras literarias (procedentes da Biblioteca, para ilustrar as explicacións de Literatura, tanto galega como castelá)
- Material audiovisual (sobre todo de contidos de Xeografía e Historia)
- Dicionarios, enciclopedias, atlas, xornais

## **9.- TEMAS TRANSVERSAIS**

Os temas transversais que poden xurdir en cada tema están expostos no desenvolvemento das unidades didácticas. Estes non deben ser entendidos como temas “engadidos” ó currículo nin como materias illadas que supoñan a elaboración de novos contidos, senón que deben ser entendidos como vía para adoptar perspectivas múltiples que permitan dirixir e enfocar os coñecementos dun modo máis completo e eficaz.

## **10.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Tratándose dun curso de Diversificación Curricular, estamos ante estudantes que manifestan dificultades de aprendizaxe. Aínda así, dentro do grupo existen alumnos que progresan con maior rapidez ca outros con máis limitacións; nestes casos as axudas pedagóxicas constitúen unha medida adecuada para garantir a atención educativa en cada caso. Para a atención destes alumnos consideramos que temos que ser guiados polo Departamento de Orientación e entre ambos elaborar as actividades que consideremos que mellor se axeitan a cada caso. No caso dos alumnos con materias pendentes, comprirá manter unha estreita colaboración cos xefes de Departamento correspondentes.